



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA
EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O HOGAR GALLEGO PARA
ANCIANOS DE BOS AIRES (ARXENTINA), PARA CONTRIBUÍR Á
ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS
CIDADÁNS GALEGOS.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Hogar Gallego para Ancianos de Bos Aires (Arxentina) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír á atención das necesidades socio asistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes no Hogar Gallego para Ancianos de Bos Aires que por razón de idade e/ou circunstancias socio familiares, residan en dito centro.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

En Bos Aires (Arxentina) reside unha amplísima colonia de galegos e de seus descendentes que están a sufrir unha situación de crise socio económica que xera un deterioro do nivel de vida dos seus cidadáns, que se está a agravar no sector de poboación de maior idade debido a falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e asistencial.





O Hogar Gallego para Ancianos, constitúese como unha entidade benéfica fundada o 29 de xuño de 1943, destinada aos galegos nativos, anciáns, desamparados de familiares que non necesiten indispensablemente ser atendidos en establecementos sanitarios. Ten recoñecida a galeguidade con data do 12 de novembro de 1987.

Esta entidade asumiu como unha das súas actividades primordiais a prestación de atención social aos emigrantes galegos e aos seus descendentes residentes na Arxentina, en especial na cidade de Bos Aires (Arxentina) e municipalidades limítrofes, que se atopen en situación de necesidade, debido as circunstancias socio económicas nas que viven. O Hogar, constitúe un dos centros galegos de maior importancia de Bos Aires, tanto polo número de persoas que acolle como pola importancia dos programas de todo tipo que realiza en favor das persoas da terceira idade de orixe galega residentes en Bos Aires.

Conta cunha residencia de anciáns cunha capacidade para cen residentes, na que se acolle a emigrantes ou descendentes, especialmente procedentes de Galicia, xa que mais do 80% dos usuarios son galegos. A día de hoxe, esta institución está a desenvolver un destacado e insustituible labor socio asistencial coa que trata de facer efectiva a mellora da calidade de vida dos anciáns pertencentes á colectividade galega emigrante.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de dar apoio aos emigrantes galegos, residentes en Arxentina, que por cuestións de idade e/ou circunstancias socio familiares, presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 7 de xullo de 2016.

